




MINISTERIO  
DE MEDIO AMBIENTE,  
Y MEDIO RURAL Y MARI



FEDERACIÓN HIDROGRÁFICA  
MIÑO-SIL

SIDENCIA

S/REF.  
N/REF. Resposta Alegación Plan  
DATA 09 de novembro de 2011  
ASUNTO ALEGACIÓN AO PROXECTO DE  
PLAN HIDROLÓXICO MIÑO-SIL 2010-2015

[Redacted]  
*Presidente de la Asociación Veciñal do Saviñao*  
[Redacted]

En primeiro lugar, desexo trasladarlle o noso agradecemento pola presentación da súa alegación ao proxecto de Plan Hidrolóxico da parte española da Demarcación Hidrográfica do Miño-Sil:

As máis de 600 observacións presentadas durante o período de consulta pública do proceso de planificación hidrolóxica son unha boa mostra da participación activa de todos os interesados para contribuír a promover, dende a responsabilidade compartida, unha xestión sostible, equilibrada e equitativa dos recursos hídricos das concas dos ríos Miño, Sil e Limia.

Unha vez analizada a súa alegación, e de conformidade co disposto tanto na Directiva 2000/60/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, pola que se establece un marco comunitario de actuación no ámbito da política de augas, como na lexislación que a desenvolve, procédese a responder de forma motivada a cada unha das observacións presentadas.

## **OBSERVACIÓN Nº 01**

### ***Síntese da Observación***

Indícase a necesidade de situar estacións depuradoras de augas residuais próximas ao medio rural. Infórmase sobre o problema de contaminación difusa existente na rexión debido a verteduras das explotacións gandeiras e de fosas sépticas das vivendas rurais. Suxírese a instalación de polo menos dúas depuradoras no Concello e recoméndase incluír as medidas do Plan de Lodos de Galicia no Programa de Medidas.

CORREO ELECTRÓNICO:  
[presidencia@chminosil.es](mailto:presidencia@chminosil.es)

CURROS ENRÍQUEZ, 4-2º  
32003 OURENSE  
TEL.: 988 399 403



### ***Resposta Motivada***

A Confederación Hidrográfica considera interesantes as recomendacións realizadas e, dado que actualmente non se incluíron medidas de depuración dentro do Concello de Saviñao transmitíranse as observacións realizadas na alegación ao Comité de Autoridades Competentes para a súa consideración. En relación ao Plan de Lodos de Galicia actualmente non se dispón de información sobre as actuacións que se van levar a cabo, non obstante, a información do Programa de Medidas estase a actualizar coa información achegada polos organismos competentes.

### **OBSERVACIÓN Nº 02**

#### ***Síntese da Observación***

Pídese a limitación dos permisos para a construción de máis explotacións hidroeléctricas nos pequenos ríos, tratándose de evitar máis represa nos ríos de pequeno caudal que coas súas paredes modifican a masa de auga transformándoa de natural en moi modificada. Ademais é importante ter en conta que moitas destas minicentrales son de escaso interese enerxético pola baixa potencia xerada. Tamén se solicita o control estrito dos caudais mínimos esixidos nas minicentrales. Solicítase, por outra parte, a consideración da zona do río Sardiñeira como espazo protexido ambiental e incluír unha prioridade de uso das augas como a recuperación dos valores ambientais no capítulo IV da normativa do Plan.

#### ***Resposta Motivada***

En canto á limitación dos permisos para a construción de novas explotacións hidroeléctricas en pequenos ríos, é importante indicar que o novo Plan Hidrolóxico intenta promover o uso das explotacións xa existentes e establece condicións máis restritivas para outorgar novas concesións hidroeléctricas, segundo o artigo 46 do texto normativo, favorecendo, principalmente, a conservación ambiental. Con respecto ao control de caudais mínimos, é obxectivo do Plan Hidrolóxico o mantemento dos caudais mínimos ecolóxicos nas augas da demarcación por enriba doutros usos da auga, a excepción do abastecemento urbano, polo que terase en consideración a observación realizada.

Por outro lado, cabe sinalar que a zona do río Sardiñeira dende o río Portillo augas arriba incluíuse como tramo de interese ambiental no rexistro de zonas protexidas (Anexo IV).



En canto á consideración da recuperación de valores ambientais nas prioridades de uso, cabe sinalar que o devandito uso está implícito no artigo 25 apartado 12 a) "outros usos ambientais", ademais o artigo 26 apartado 10 considera tamén prioritario este uso:

"10. Con independencia da orde de preferencia de usos definida anteriormente, dentro de cada clase de uso, e a igualdade de condicións, darase prioridade a:

a) As actuacións que se orienten cara a unha política de aforro de auga, de mellora da calidade dos recursos e de recuperación dos valores ambientais.[...] "

### **OBSERVACIÓN N° 03**

#### ***Síntese da Observación***

Dentro do capítulo de recuperación dos valores ambientais, e máis concretamente a incluír nas medidas de restauración dos leitos e canles, no concello de Saviñao sería de interese a recuperación do río Pesqueiras como río troteiro que foi coto de pesca. Actualmente modificado polas verteduras históricas da depuradora de Escairon (xa correxidos) así como da central leiteira CELEGA no lugar da Torre. Podería incluírse na Estratexia Nacional de Recuperación de Ríos.

#### ***Resposta Motivada***

Actualmente non se incluíron medidas concretas de recuperación do devandito río no Programa de Medidas, xa que esta canle non é considerada masa de auga debido ao seu pequeno tamaño e as augas sobre as que flúe considéranse en bo estado, non obstante, existen medidas xenéricas para a restauración de canles na Comunidade de Galicia, como por exemplo a medida de "Actuacións de restauración, rehabilitación e uso público de marxes de ríos da bacía do Miño-Sil na comunidade autónoma de Galicia".

Por outro lado, estudarase, en atención á súa solicitude, a introdución de actuacións concretas sobre o río Pesqueiras no Programa de Medidas segundo a análise de prioridades e a dispoñibilidade presupostaria do organismo.

### **OBSERVACIÓN N° 04**

#### ***Síntese da Observación***

Dentro do Programa de Conservación e Mellora do Dominio Público Hidráulico propónse incluír a limpeza periódica nas épocas estivais dos cauces dos ríos, retirando restos



arbó-reos e vexetais (medidas de restauración de leitos). No Saviñao son de preferencia os ríos Sardiñeira, Pesqueiras, Pez, Portiño e Barrantes.

### ***Resposta Motivada***

Aínda que non se incluíron actuacións concretas sobre os ríos Sardiñeira, Pesqueiras, Peixe, Portiño e Barrantes, actualmente hai aprobadas varias medidas xenéricas na Demarcación Hidrográfica do Miño-Sil e en Galicia para a restauración de leitos entre cuxas actividades se encontran as seguintes:

- Mellora da morfoloxía da canle, do hábitat fluvial e da súa continuidade e conectividade.
- Limpeza e mellora da composición e estrutura da vexetación das ribeiras.
- Diminución dos efectos negativos das inundacións que afecten a vivendas e/ ou infraestruturas.
- Mellora do uso social do río e recuperación do patrimonio cultural asociado.

Non obstante, valorárase, en función da dispoñibilidade presupostaria, a posibilidade de incluír novas medidas concretas sobre os devanditos ríos.

### **OBSERVACIÓN N° 05**

#### ***Síntese da Observación***

Suxírese recordar con campañas de información a prohibición de verteduras de puríns e lodos a menos de 100 m. dos cauces e fontes hidrolóxicas.

#### ***Resposta Motivada***

A Confederación Hidrográfica terá en consideración a súa suxestión para incluír este tema entre as campañas de información e concienciación programadas.

### **OBSERVACIÓN N° 06**

#### ***Síntese da Observación***

Comprobación periódica da calidade das augas á saída das depuradoras dos puntos industriais, para evitar posteriores catástrofes sobre a fauna e flora, de lenta e costosa recuperación ambiental.



### ***Resposta Motivada***

As características do efluente da área industrial deberán adecuarse ás normas establecidas nas Ordenanzas de vertedura, co fin de garantir que non se obstaculice o funcionamento das instalacións de depuración. Por outro lado, segundo os artigos 251 e 252 do Regulamento do Dominio Público Hidráulico, as autorizacións de vertedura deben establecer as condicións en que estes deben realizarse, concretando, entre outros, os elementos de control das instalacións de depuración e os sistemas de medición do caudal e da toma de mostras, así como a periodicidade na que é obrigatorio analizar e acreditar os parámetros e condicións da vertedura. Por iso, hai que indicar que todos estes controis estánse a levar a cabo actualmente.

### **OBSERVACIÓN Nº 07**

#### ***Síntese da Observación***

Pozos artesanais e de barrena. Aconséllase un maior control nas concesións dos permisos para novas aperturas destes pozos pola repercusión que poidan ter sobre o nivel das augas subterráneas. Suxírese a comprobación da idoneidade destas perforacións asegurando que non afectarán ao nivel das augas dos veciños.

#### ***Resposta Motivada***

A extracción de auga mediante pozos regulouse, de acordo ao Regulamento do Dominio Público Hidráulico (RDPH), nos artigos 47 e 32 do texto normativo do Plan. Neles establécese a distancia aplicable entre aproveitamentos. Mediante estes artigos preténdese controlar a autorización de concesións para a apertura de novos pozos segundo os criterios establecidos no RDPH e tendo en conta que se dá prioridade á conservación da calidade e a regulación dos recursos subterráneos, con base nunha explotación racional destes, segundo se establece no capítulo cuarto do Plan.

### **OBSERVACIÓN Nº 08**

#### ***Síntese da Observación***

Intentar recuperar o caudal ecolóxico en augas desembalsadas. A actuación no concello de Saviñao concrétase xusto baixo os aliviadeiros da presa de Belesar, onde o cauce do río Miño interrompese un bo tramo (uns 300 m) para que o desaugadoiro se realiza uns 500 m máis abaixo do encoro. Proponse intentar conseguir un caudal continuo mínimo a



través da apertura das comportas dos aliviadeiros, que ata agora só se abren nas situacións de máxima capacidade.

### ***Resposta Motivada***

O caso especificado na alegación débese a un feito puntual que se debía ás obras no encoro, actualmente existe caudal polo desaugadoiro de fondo aberto. Cando se poña en marcha a central de Belesar II seguirá manténdose o caudal xa que é unha das condicións impostas na concesión.

## **OBSERVACIÓN Nº 09**

### ***Síntese da Observación***

Cuantificación e limitación das augas para usos recreativos (campos de golf, piscinas, etc..) co fin de controlar ese consumo non imprescindible. Obsérvase que, segundo a memoria, descoñécese a cantidade real do uso de auga para estas instalacións, que ademais recorren en moitos casos a augas subterráneas comprometendo os mananciais. Con-sidérase excesiva a demanda de auga no Miño Alto e Baixo para uso recreativo (26% e 25% respectivamente).

### ***Resposta Motivada***

Analizando a observación realizada sobre as demandas de auga de uso recreativo é importante aclarar que a demanda deste uso só supón un 0,2% do total da demanda na Demarcación. Os datos de demanda indicados na alegación (26% e 25% de demanda recreativa nos Sistemas de Alto e Baixo Miño) interpretáronse erroneamente, ao ser valores relativos ao uso de auga demandado polos diferentes sistemas respecto ao total de demanda recreativa. Observouse que o erro puido ser debido a que a táboa presentada sobre o resumo de demandas no capítulo 3 da memoria do Plan é algo confusa, polo que se intentará modificar para que quede máis clara. Con intención de aclarar estes valores preséntanse a continuación os valores reais da demanda do uso recreativo respecto ao total da demanda nestes sistemas de explotación:

S.E. Alto Miño: Demanda recreativa=26 hm<sup>3</sup> Relación da demanda recreativa respecto ao total demandado no sistema= 0,20%

S.E. Baixo Miño: Demanda recreativa=0,56 hm<sup>3</sup> Relación da demanda recreativa respecto ao total demandado no sistema=0,71%



Por outro lado, tras aclarar isto, é importante sinalar que a Confederación Hidrográfica está de acordo en controlar o consumo para o uso recreativo consuntivo e por iso a prioridade dada a este uso é a menor (ver artigo 26 da normativa do plan).

Conforme ao exposto, a súa alegación foi resolta nos termos transcritos. Así mesmo, segundo o disposto no Artigo 74.3 do Real Decreto 907/2007 elaborárase un documento de síntese sobre todas as alegacións recibidas no que se xustificará como foron tomadas en consideración e cuxas conclusións serán integradas na redacción final do Plan.

Por último, co obxecto de garantir a todos os interesados os dereitos de acceso á información ambiental, infórmolle que tanto a súa alegación como a resposta motivada estará accesible na páxina electrónica desta Confederación Hidrográfica, xunto con toda a documentación relativa ao Plan Hidrolóxico 2010-2015.

Reiterando o noso agradecemento pola súa importante colaboración, saúdo atentamente,



Francisco F. Fernández Liñarez  
Presidente

